



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO
Turismo de Galicia



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE LOBEIRA PARA A CREACIÓN DO MIRADOIRO TURÍSTICO “A BAIXA LIMIA”.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co concello de Lobeira o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre Axencia Turismo de Galicia e o concello de Lobeira para o proxecto de creación do miradoiro turístico “A Baixa Limia”.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, é a entidade pública instrumental da Comunidade Autónoma de Galicia á que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de coordinación, impulso, xestión e execución das actividades de promoción do turismo, e para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.



Xacobeo 2021





Segundo.- Os concellos, segundo se sinala no artigo 25.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, posto en relación coa Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, teñen competencias en materia de turismo, en concreto a “información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local”.

Terceiro.- Ao abeiro do disposto na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, a Xunta de Galicia e as entidades locais poderán celebrar convenios de colaboración entre si para a máis eficaz xestión e prestación de servizos da súa competencia, podendo coordinar as súas políticas de fomento dirixidas a un mesmo sector, executar puntualmente obras ou servizos e adoptar as medidas oportunas para acadar calquera outra finalidade de contido análogo.

Cuarto.- O concello de Lobeira pretende a creación dun miradoiro turístico nun entorno imponente, con vistas ao Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés, tanto na súa parte galega como na portuguesa como continuación ás actuacións turísticas levadas no ano 2018 coa creación do Miradoiro do Viso no entorno do Monte de O Viso.

Coa execución deste miradoiro preténdese realizar unha labor de mellora ambiental da zona, ocultarase o depósito de abastecemento que produce un gran impacto ambiental negativo na zona, prestando especial atención e respecto aos valores culturais, estéticos, educativos e científicos.

O miradoiro turístico “A Baixa Limia”, atópase ubicado no monte de “O viso”, a carón do Santuario da Nosa Señora do Viso, construído no século XIV. Asentado nunha altitude de 852 metros, sobre a acrópole dun castro.

O miradoiro ofertará unha ampla panorámica:

- Polo norte, os Montes de Taboazas, a Serra da Cabreira, sempre verde, coas súas mámoas milenarias, e as poboacións de Taboazas, A Fraga, Parada do Monte e Senderiz.
- Polo oeste, a Serra de Leboeiro, na que destaca o Alto do Codesal (1333 metros de altitude), coa depresión do río Abeleda (Fragoso), val de descomunal frondosidade, así como as poboacións de Vilariño de San Xes, Fondevila e A Canle entre outros.
- Polo sur, a capela de “ O Viso”, ermita de románico tardío desde donde se pode ver unha boa parte da Baixa Limia.





- Polo este, a vista expándese ao Monte das Motas, os Picos dos Tres Cabaleiros (Bande), os Montes da Coroa (Nogueira) e a Pena Maior.

Que a través deste convenio, outórgase ao concello de Lobeira unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos

